



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|---|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2013/14 |
| Asignatura (*) | Literatura Española | Código | 613G01011 | |
| Titulación | Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | Anual | Segundo | Obrigatoria | 9 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Filoloxía Española e Latina | | | |
| Coordinación | Yagüe Lopez, Pilar | Correo electrónico | pilar.yague.lopez@udc.es | |
| Profesorado | Caamaño Rojo, María José Caparros Esperante, Luis Yagüe Lopez, Pilar | Correo electrónico | maria.caamano.rojo@udc.es luis.caparros@udc.es pilar.yague.lopez@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Introducción á Historia da Literatura Española a través dos seus principais autores e obras. | | | |

| Competencias da titulación | |
|----------------------------|---|
| Código | Competencias da titulación |
| A1 | Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria. |
| A2 | Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual. |
| A7 | Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa. |
| A9 | Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa. |
| A10 | Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións. |
| A11 | Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada. |
| A18 | Coñecer a historia e a cultura das comunidades hispanofalantes. |
| B3 | Adquirir capacidade de autoformación. |
| B4 | Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno. |
| B5 | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas. |
| B6 | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|--|--|----------------------------|
| Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe) | | | Competencias da titulación |
| Coñecer os principais autores e obras da Literatura española e valorar criticamente as súas producións. | | | A7 A10 A18 |
| Traballar de forma autónoma con iniciativa. | | | B3 B4 B6 |
| Capacidade de análise e síntese. | | | A11 |
| Coñecemento dos métodos e técnicas de análise literaria. | | | A1 A2 |
| Utilizar as ferramentas básicas das TIC necesarias para o exercicio da súa profesión e a aprendizaxe ao longo da súa vida. | | | C3 |
| Capacidade para interrelacionar os distintos aspectos da Filoloxía. | | | A9 B5 |



| | | | |
|---|--|----|----|
| Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. | | | C6 |
| Capacidade para comunicar os coñecementos adquiridos. | | B4 | C1 |

| Contidos | |
|----------------------------------|--|
| Temas | Subtemas |
| 1. Introducción metodolóxica | Ferramentas e métodos para o estudo da Historia da literatura. |
| 2. Idade Media | 2.1. Introducción. 2.2. A época, a través da lírica. 2.2. La Celestina. |
| 3. Séculos de Ouro | 3.1. Introducción 3.2. Sensibilidade e sentimentalidade do XVI a través da lírica. 3.3. A construción da novela moderna: El Quijote. 3.4. A comedia áurea en La noche de San Juan, de Lope de Vega. |
| 4. Da Ilustración ao Naturalismo | 4.1. Introducción. 4.2. Aproximación a algúns dos principais xéneros, textos e autores da Ilustración. 4.3 Aproximación a algúns dos principais xéneros, textos e autores do Romanticismo e do Realismo-Naturalismo. |
| 5. Do Modernismo á actualidade | 5. 1. Introducción. 5. 2. Aproximación a algúns dos principais xéneros, textos e autores dos séculos XX e XXI. |

| Planificación | | | |
|--------------------------|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Proba obxectiva | 4 | 40 | 44 |
| Actividades iniciais | 2 | 0 | 2 |
| Sesión maxistral | 30 | 0 | 30 |
| Aprendizaxe colaborativa | 10 | 10 | 20 |
| Obradoiro | 22 | 22 | 44 |
| Lecturas | 0 | 80 | 80 |
| Atención personalizada | 5 | 0 | 5 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|--------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Proba obxectiva | Na data oficial os estudantes deberán realizar unha proba obxectiva na que demostren os coñecementos adquiridos ao longo do curso. |
| Actividades iniciais | Farase unha proba inicial para determinar o nivel do alumnado na materia e comprobar o punto de partida para iniciar as explicacións. |
| Sesión maxistral | Impartiranse nas sesións comúns de carácter expositivo. O profesor presentará os temas e desenvolverá os apartados que se consideren de especial dificultade. |
| Aprendizaxe colaborativa | Nas clases interactivas traballarase con textos de lectura obrigatoria e faranse os controis de lectura pertinentes. Ao final de cada cuadrimestre realizarase nas aulas un control de lectura avaliable. |
| Obradoiro | Nas titorías en grupo reducido desenvolveranse comentarios de textos das lecturas. O/A estudante deberá seleccionar dous textos (un por cuadrimestre) para elaborar un comentario por escrito que se realizará nas aulas e será avaliado. |
| Lecturas | O/A estudante terá que realizar ao longo do curso as lecturas obrigatorias que se especifican no programa. É preciso que as lecturas se realicen previamente á explicación do tema para o correcto aproveitamento das explicacións. |



Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-----------------|--|
| Proba obxectiva | O/A profesor/a facilitará a bibliografía específica que considere oportuna e as orientacións pertinentes en cada caso. |

Avaliación

| Metodoloxías | Descrición | Cualificación |
|--------------------------|---|---------------|
| Aprendizaxe colaborativa | Terase en conta a participación de cada estudante nas aulas, onde se poña de manifesto o seu interese e a súa evolución. | 20 |
| Proba obxectiva | Nas datas oficiais realizaranse as probas obxectivas pertinentes. | 50 |
| Obradoiro | Cada cuadrimestre elaborárase nas aulas un comentario literario dun texto seleccionado polos profesores, como traballo que recolla o aprendido ao longo do curso. | 30 |

Observacións avaliación



As porcentaxes non son reais. Por esixencias do deseño da aplicación coa que se elabora esta guía docente, as porcentaxes ofrecidas arriba só son orientativas. Lea atentamente a información ao respecto que segue. A cualificación final responderá ao seguinte reparto porcentual:

1. Un 50% obterase pola proba obxectiva escrita que cada estudante realizará ao rematar a materia e nas datas, horas e lugar establecidos nos horarios oficiais de exames do centro. Moi importante: deberase obter unha puntuación mínima de 4 sobre 10 nesta proba escrita para poder superar a materia. Isto supón que terá que compensar a cualificación co outro 50% até chegar ao 5 de media, necesario para aprobar.

 Ningún estudante obterá o 100% da súa cualificación final con esta proba: todos serán cualificados coa distribución porcentual aquí recollida.

2. Un 40% obterase da realización de actividades ou tarefas ao longo do curso. Un 20% corresponderá á realización de dous comentarios por escrito que se farán nas aulas, ao remate de cada cuatrimestre. Outro 20% será para dous controis de lectura que se farán igualmente ao remate dos cuatrimestres, por escrito, nas aulas, coas lecturas respectivas feitas en cada un deles. As datas de realización das probas serán fixadas e comunicadas con suficiente antelación.

3. Un 10% responderá á asistencia, participación e desempeño do/a estudante no decorrer do curso. Observaranse o aproveitamento e a evolución individual de cada estudante, mais tamén -e moi especialmente- a súa dinámica na aula, a súa forma de argumentar, a colaboración cos compañeiros e compañeiras e todos aqueles elementos que teñan que ver coa aprendizaxe colaborativa e co traballo en grupo.

4. Á hora de establecer a cualificación final en cada unha das dúas oportunidades existentes (xuño e xullo), computaranse a proba obxectiva pertinente, as actividades feitas ao longo do curso máis a asistencia e a participación.

5. O alumnado que teña suspensas ou non realizadas as actividades avaliadas, na segunda oportunidade de xullo terán que facelo na data indicada para a proba obxectiva, que contará cunha parte que as inclúa. Nestes casos, manteranse as cualificacións das actividades xa superadas.

6. O alumnado a tempo parcial, con dispensa académica recoñecida, fará as actividades que os profesores determinen en cada caso.7. Será indispensable a corrección ortográfica, de redacción e de presentación. Tres faltas de ortografía supoñen a penalización de 1 punto en cada actividade avaliable. Do mesmo xeito, unha redacción ou presentación confusa pode tamén penalizarse.

8. No caso de estudantes estranxeiros será indispensable para seguir a materia teren un dominio razoable da lingua española, tanto na súa expresión oral coma escrita, equivalente a un nivel B2.

9. MOI IMPORTANTE. De acordo coa Normativa académica, o alumnado será avaliado e cualificado sempre que acuda ao exame. Polo tanto, recibirán cualificación de Non Presentado (N.P.) aquelas persoas que non se presentaren a ningunha das probas escritas oficiais.

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións



Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Lingua Española 1/613G01001

Introdución aos Estudos Literarios/613G01005

Lingua e Cultura Clásica/613G01006

Observacións

Recoméndase a asistencia regular ás aulas. No caso de ter algunha incompatibilidade, o/a alumno/a debe porse en contacto a comezos de curso cos profesores. Os profesores completarán a bibliografía xeral con bibliografía específica en cada tema. Será indispensable a corrección ortográfica, de redacción e de presentación. As respostas aos correos electrónicos recibidos serán atendidas só nos horarios fixados de titorías.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías